



Concello de  Oleiros

www.oleiros.org

XII Torneo de Tenis de Mesa Concello de Oleiros 2011

Este Torneo está encadrado dentro do Circuito Galego da FGTM.

LOCAL DE XOGO

Disputarase no Pavillón Municipal de Bastiagueiro, Rúa Uxío Novoneira s/n (pola estrada AC-173, km. 3, rúa que sae fronte ao almacén do supermercado Halley), Oleiros. Buscar en <http://maps.google.es/> “Calle de Uxío Novoneira, Oleiros” (o pavillón está ao final da rúa).

DATA e HORARIOS

Sábado 18 de Xuño de 2011, de 09,30 a 21:00. Categorías.

Domingo 19 de Xuño de 2011, de 09,30 a 21:00: Absoluto Masc. e Fem.

PROBAS A DISPUTAR

- Benxamín Masculino e Feminino.
- Alevín Masculino e Feminino.
- Infantil Masculino e Feminino.
- Cadete Masculino e Feminino.
- Sub-23 Masculino e Feminino.
- Veteranos Masculino e Feminino.
- Absoluto Masculino e Feminino.

Se non se acadase un mínimo de 8 participantes en cada proba, unificaranse Masculino e Feminino, e si aínda así non se acadase o cupo de 8 pasarían a disputar a proba seguinte.

SISTEMA DE XOGO

De ser posible, e de acordo co Xuíz Árbitro designado pola FGTM, cada proba disputarase en dúas fases: 1ª Fase: Formaranse grupos. Fase Final: Cadros eliminatorios. Os horarios de cada proba, poranse dependendo dos inscritos. As semifinais e finais de todas as categorías disputaranse ao final do día.

ARBITRAXES

Os partidos da 1ª Fase serán arbitrados polos propios xogador@s. As eliminatorias da Fase Final, ata semifinais, por os xogador@s que queden eliminados. A partires de ahí, por árbitros designados pola propia organización.

INSCRICIÓN

Os clubs interesados en participar neste torneo , pertencentes á Federación Galega de Tenis de Mesa, deberán facelo a través do formulario que xa está a disposición deles dende a sección de FORMULARIOS da páxina da Federación Galega de Tenis de Mesa, antes das **20,00 horas do día 13 de Xuño** de 2011. Os clubs non pertencentes á FGTM formalizarán a súa inscrición via e-mail a seguinte dirección: Ranking-Circuito-Galego@iservicesmail.com

NOTAS

- Habará trofeos para os tres primeiros clasificados de cada proba disputada.
- A participación mínima por proba será de 8 xogador@s.
- Non se permitirá a inscrición no mesmo día en mais dunha proba, a non ser que non interfiran.
- O Comité de Organización deste torneo, xunto co Xuíz Árbitro designado pola FGTM, poderán facer os cambios que estimen oportunos tendo en conta as altas ou baixas que se poidan producir.
- A participación neste torneo implica a aceptación de todo o exposto anteriormente